



Pakolas

Rock
Infantil
e Familiar

CATÁLOGO 2025
Música

PREMIO Rosalía de Castro 2023 da Deputación da Coruña
FINALISTA Premios Martín Códax da Música 2023

www.pakolas.com

A Ramona pequena vai á Lúa

Pakolas preséntanos o seu libroQr “A Ramona pequena va á Lúa” (Ed. Galaxia 2ª Ed Set 2023). Con este traballo seguen as historias da Ramona Órbita, sendo unha parte II do seu anterior disco “*Ramona Órbita, a dona do tempo*”. Contaremos e debuxaremos a historia da *Ramona pequena*. A máquina do tempo leva a Ramona á súa infancia. Vivimos así unha nova **aventura didáctica e rockeira rebordante de imaxinación, aprendizaxe e humor, para as mais peques e toda a familia.**

Corría o ano 1967 no Courel e Ramona contaba con 6 aninhos. Era unha nena movida por constantes inquiredanzas, cunha mente esperta e imaxinativa. Adoraba perderse entre as páxinas de Xulio Verne, “*A volta ao mundo en 80 días*”, “*20 mil leguas de viaxe submarino*”, “*Viaxe ao centro da terra*” e sobre todo un que lle despertaba a mais grande das curiosidades, “*Da terra á lúa*”, que lía unha e outra e outra vez. A Lúa era para ela unha fonte imparable de preguntas sen resposta: que tipo de leiras habería nela? Poderíase cultivar na súa superficie? Habería auga? Viviría alguén aí? Saberían, ou polo menos entenderían o galego? Sería mais grande que o Sol?

Moitas personaxes poderedes coñecer nestes novos espectáculos, como a profe Lupe, que sempre escoitaba atenta as dúbidas da pequena, ou á súa amiga furona Nora, coa que consegue viaxar ata a Lúa! Con estas e outras personaxes chegaremos á fin desta viaxe, que nos ensina que **a imaxinación non ten límites, a nosa cabeza é un taller de ideas onde os soños poden tornarse realidade.** A historia dunha nena interesada polas ciencias, unha astronauta que acada o seu soño. **De novo Pakolas volve a dar importancia á figura feminina que rompe cos estereotipos de xénero.**



Formato individual Ficha técnica

Títulos: “*Rockeando coa Ramona Pequena*” (con escenografía)

“*A Ramona pequena vai á Lúa*” (sen escenografía)

Elenco: Pakolas (música e narración)

Espectáculo: Musical, narración, humor

Idioma: Galego

Duración: 55 min

Música e son: Paco Cerdeira (equipo técnico básico incluído)

Escenografía: Laura Romero

Atrezzo: Ana Tenreiro

Público: Infantil e familiar

Ubicación: interior e exterior (consultar)

Neste concerto, Pakolas guíaranos coa súa forza interpretativa e o seu humor por todo un universo musical, a través **da súa voz e a guitarra**, nun espectáculo individual creado polo propio autor, onde a interacción e participación coas nenas e nenos, a animación, as súas caracterizacións e a súa música son o principal atractivo para o público.

CARTEL



DOSSIER

+
INFO

Disponibles en:

Ler Conta Moito (Xunta)

Rede Cultural (Deputación Coruña)

Culturea (Deputación Pontevedra)

Galescena CnC (Xunta)

Galescena Teatros (Xunta)

Título: “*Cores, contos e rock coa Ramona Pequena*”

Elenco: Pakolas (música e narración) e Laura Romero (ilustradora)

Espectáculo: Musical, narración, humor, ilustración en directo

Idioma: Galego

Duración: 55 min

Música, son e proxección: Paco Cerdeira (equipo técnico básico incluído)

Escenografía: Laura Romero

Atrezzo: Ana Tenreiro

Público: Infantil e familiar

Ubicación: interior e exterior (consultar)

Un espectáculo onde a interacción coas nenas/os, a súa música acompañada por contos e historias, e as cores e debuxos en directo de Laura Romero son o principal atractivo para o público. Esta **proposta multidisciplinar** crea así unha escena na que non so se pode gozar da **música** de Pakolas, senón tamén **do debuxo e as cores** que a rodean. Un espectáculo para todos os sentidos.

CARTEL



DOSSIER

+
INFO

Formato dúo Ficha técnica

A Ramona pequena vai á Lúa

ESTREA
2024!

Formato trío
Ficha técnica

Título: "Pakolas e as tripulantes"

Elenco: Pakolas (voz, guitarra eléctrica e narración)

Ro Muñoz (batería)

Laura Romero (baixo)

Espectáculo: Musical, narración, humor

Idioma: Galego

Duración: 55 min

Son: Paco Cerdeira (equipo técnico básico incluído)

Escenografía: Laura Romero

Atrezo: Ana Tenreiro

Público: Infantil e familiar

Ubicación: interior e exterior (consultar). Espazo mínimo de 6.00 m de ancho por 4.00 m de fondo

Neste concerto, Pakolas guiaranos coa súa forza interpretativa e o seu humor por todo un universo musical, a través **da súa voz e a guitarra**, nun espectáculo en **formato banda (máis baixo e batería)** creado polo propio autor, onde a interacción e participación coas nenas e nenos, a animación, as súas caracterizacións e a súa música son o principal atractivo

CARTEL

VÍDEO



DOSSIER

+
INFO

Dispoñible en:

Rede Cultural (Deputación Coruña)
Galescena CnC (Xunta)
Galescena Teatros e
Auditorios (Xunta)

Fotos: Paula Cermeño (Festa Pícaro de Compostela)

www.pakolas.com

Ecoralia, a lambona ecolóxica

Pakolas presentanos o seu último libroQr “Ecoralia, a lambona ecolóxica” (CRAEGA Dec 2024) unha entrega das historias de Ecoralia, que nos ensinará a través das súas cancións a importancia de consumir alimentos ecolóxicos, para coidar o medio ambiente tanto na terra coma no mar, combater o cambio climático e garantir o benestar animal

Nas entrañas da carballeira máis extensa de toda Galicia, onde a vexetación é máis mesta e verde, vivía Ecoralia. Sempre vestía da cor do musgo e levaba unha trenza longa e roxa recollida cun estalote. Ecoralia era unha meiga moi nova e boa coñecedora de conxuros ancestrais aprendidos das súas avoas. Pero ela non era coma as demais.

Ademais de *Ecoralia*, moitas personaxes poderedes coñecer neste novo traballo musical, como o seu compañeiro *Mistín, o lucecú*, que vivía no medio das flores amarelas de xestas empregadas para os seus conxuros. E, se Ecoralia era diferente ás demais meigas, Mistín era diferente aos demais lucecús, xa que tiña un semáforo no traseiro! *Ramón o teixugo* dispoñía do ultramarinos da vila. Sempre había alimentos coa etiqueta ECO de CRAEGA: froitas e legumes, leite, carne, ovos, mel e mesmo alimentos do mar. Os alimentos ecolóxicos sempre sentaban ben!. Tamén as tías *Rosa e Mónica*, dúas irmás xemelgas que coidaban das súas hortas coma ninguén. E por último *Don Arsenio*, que recollía unhas enormes mazás todo o ano! Como podía ser? Todas estas personaxes e historias poderás coñecer neste novo espectáculo rockeiro, e desvelar este misterio.



DESCARGA
LIBRO

UDS
DIDÁCT.



Formato individual
Ficha técnica

Disponibles en:
Ler Conta Moito (Xunta)
Rede Cultural (Deputación Coruña)
Galescena CnC (Xunta)
Galescena Teatros (Xunta)

Formato dúo
Ficha técnica

Títulos: *“Ecoralia, a lambona ecolóxica”* (con e sen escenografía)

Elenco: Pakolas (música e narración)

Espectáculo: Musical, narración, humor

Idioma: Galego

Duración: 55 min

Música e son: Paco Cerdeira (equipo técnico básico incluído)

Escenografía: Laura Romero

Atrezzo: Ana Tenreiro

Público: Infantil e familiar

Ubicación: interior e exterior (consultar)

Neste concerto, Pakolas guíaranos coa súa forza interpretativa e o seu humor por todo un universo musical, a través **da súa voz e a guitarra**, nun espectáculo individual creado polo propio autor, onde a interacción e participación coas nenas e nenos, a animación, as súas caracterizacións e a súa música son o principal atractivo para o público.



DOSSIER

+
INFO



Título: *“Ecoralia canta, conta e debuxa”*

Elenco: Pakolas (música e narración) e Laura Romero (ilustradora)

Espectáculo: Musical, narración, humor, ilustración en directo

Idioma: Galego

Duración: 55 min

Música, son e proxección: Paco Cerdeira (equipo técnico básico incluído)

Escenografía: Laura Romero

Atrezzo: Ana Tenreiro

Público: Infantil e familiar

Ubicación: interior e exterior (consultar)

Un espectáculo onde a interacción coas nenas/os, a súa música acompañada por contos e historias, e as cores e debuxos en directo de Laura Romero son o principal atractivo para o público. Esta **proposta multidisciplinar** crea así unha escena na que non so se pode gozar da **música** de Pakolas, senón tamén **do debuxo e as cores** que a rodean. Un espectáculo para todos os sentidos.



DOSSIER

+
INFO



Ramona Órbita a dona do tempo

Pakolas preséntanos o seu librodisco, **"Ramona Órbita, a dona do tempo"**, editado en Sonárbore, na Editorial Galaxia (Agosto-2020)

Nestes espectáculos **rockeiros** contaremos e cantaremos, e debuxaremos a historia de **Ramona Órbita**, unha **muller labrega da Serra do Courel**, que posúe unha horta cibernética con patacas automáticas, e ademais ten unha **máquina do tempo**, o seu mellor invento. **Con ela viaxa ao futuro e ao pasado na procura de tecnoloxía para crear un mundo mellor**, mais ecolóxico e con enerxías limpas.

Así, imos saltando a diferentes épocas. Ramona viaxa á prehistoria a comer churrasco de mamut con *Manolo Cavernario* que acaba de descubrir o lume, visita a Leonardo Da Vinci no Renacemento, acode ao Antigo Exipto cun tal Ramsés que lle cheiran os pés, ou conversa cun robot que ten unha *Roda Rota* que se fai chamar Time, etc, todo ata chegar a *Benvidas ao Futuro* na que cantamos por unha sociedade mais ecolóxica e concienciada co respecto e coidado á natura. Percorreremos de golpe varios séculos: a **Prehistoria, o Medievo, o Renacemento, o antigo Exipto, a Idade Media**, e mesmo viaxaremos ao futuro!! Moitas aventuras, personaxes e peripecias que gustarán por igual á xente miúda e a maiores.

Unha muller inventora e científica que racha cos estereotipos de xénero ademais no rural galego, coida o medio ambiente, e á que lle gustan as matemáticas e a ciencia. Todo cun estilo roqueiro que entusiasma ao público infantil. Espectáculos para aprender e para compartir coas mais pequenas e coa familia.



+ INFO
LIBRO

UDS
DIDÁCT.

Formato individual Ficha técnica

Títulos: **"Rockeando con Ramona Órbita"** (con escenografía)
"Ramona Órbita, a dona do tempo" (sen escenografía)

Elenco: Pakolas (música e narración)

Espectáculo: Musical, narración, humor

Idioma: Galego

Duración: 55 min

Música e son: Paco Cerdeira (equipo técnico básico incluído)

Escenografía: Laura Romero

Atrezzo: Ana Tenreiro

Público: Infantil e familiar

Ubicación: interior e exterior (consultar)

Neste concerto, Pakolas guíaranos coa súa forza interpretativa e o seu humor por todo un universo musical, a través **da súa voz e a guitarra**, nun espectáculo individual creado polo propio autor, onde a interacción e participación coas nenas e nenos, a animación, as súas caracterizacións e a súa música son o principal atractivo para o público.

CARTEL



DOSSIER

+
INFO



Disponíbles en:

Ler Conta Moito (Xunta)

Dinamizartj (Coruña/Lugo)

Galescena CnC (Xunta)

Galescena Teatros (Xunta)

Formato dúo Ficha técnica

Título: **"Cores, contos e rock con Ramona Órbita"**

Elenco: Pakolas (música e narración) e Laura Romero (ilustradora)

Espectáculo: Musical, narración, humor, ilustración en directo

Idioma: Galego

Duración: 55 min

Música, son e proxección: Paco Cerdeira (equipo técnico básico incluído)

Escenografía: Laura Romero

Atrezzo: Ana Tenreiro

Público: Infantil e familiar

Ubicación: interior e exterior (consultar)

Un espectáculo onde a interacción coas nenas/os, a súa música acompañada por contos e historias, e as cores e debuxos en directo de Laura Romero son o principal atractivo para o público. Esta **proposta multidisciplinar** crea así unha escena na que non so se pode gozar da **música** de Pakolas, senón tamén **do debuxo e as cores** que a rodean. Un espectáculo para todos os sentidos.

CARTEL



DOSSIER

+
INFO

ESTREA
2024!

As máis molonas!

“**As mais molonas de Pakolas**” é unha nova montaxe, de ESTREA no 2024, que recolle as cancións mais aclamadas polo público infantil rockeiro galego, cantadas e contadas. **Os exitazos!**

O autor preséntannos as mellores cancións da súa discografía, tres libros-QR editados por Galaxia na colección Sonárbore, e ilustrados por Laura Romero, sempre con moito humor, moito rock e tamén moita aprendizaxe:

1. “**Pakolas**” 2017 (Ed. Galaxia, 3ª Ed Set 2023)
2. “**Ramona Órbita, a dona do tempo**” 2020 (Ed. Galaxia, 4ª Ed Set 2023)
3. “**A Ramona pequena vai á Lúa**” 2023 (Ed. Galaxia, 2ª Ed Set 2023)



Formato individual Ficha técnica

Títulos: “**As máis molonas de Pakolas**” (con e sen escenografía)
Elenco: Pakolas (música e narración)
Espectáculo: Musical, narración, humor
Idioma: Galego
Duración: 55 min
Música e son: Paco Cerdeira (equipo técnico básico incluído)
Escenografía: Laura Romero
Público: Infantil e familiar
Ubicación: interior e exterior (consultar)

Neste concerto, Pakolas guíaranos coa súa forza interpretativa e o seu humor por todo un universo musical, a través **da súa voz e a guitarra**, nun espectáculo individual creado polo propio autor, onde a interacción e participación coas nenas e nenos, a animación, as súas caracterizacións e a súa música son o principal atractivo para o público.

CARTEL

VÍDEO

DOSSIER

+
INFO

Disponíbles en:
Rede Cultural
(Deputación Coruña)
Galescena CnC
(Xunta)

Formato dúo Ficha técnica

Título: “**As máis molonas de Pakolas ilustradas**”
Elenco: Pakolas (música e narración) e Laura Romero (ilustradora)
Espectáculo: Musical, narración, humor, ilustración en directo
Idioma: Galego
Duración: 55 min
Música, son e proxección: Paco Cerdeira (equipo técnico básico incluído)
Escenografía: Laura Romero
Público: Infantil e familiar
Ubicación: interior e exterior (consultar)

Un espectáculo onde a interacción coas nenas/os, a súa música acompañada por contos e historias, e as cores e debuxos en directo de Laura Romero son o principal atractivo para o público. Esta **proposta multidisciplinar** crea así unha escena na que non so se pode gozar da **música** de Pakolas, senón tamén **do debuxo e as cores** que a rodean. Un espectáculo para todos os sentidos.

CARTEL

VÍDEO

DOSSIER

+
INFO

Pakolas

Paco Cerdeira (Músico, Compositor e Produtor) leva adicándose ao público infantil dende xa fai mais de 15 anos, comezando os seus pasos como membro de Mamá Cabra (grupo de música didáctica infantil en galego), do que participou nos seus traballos durante máis de 10 anos continuamente, sendo eixe principal dos espectáculos desenvolvidos en coles, teatros, auditorios, librerías, bibliotecas, feiras do libro, etc.

No ano 2014, dada a súa longa traxectoria, **decide formar a súa propia banda de música infantil**, e nace así **A Gramola Gominola**, editando así o seu primeiro traballo en Libro-Cd como Autor en Marzo de 2015, **"A Gramola Gominola"** (Editorial Galaxia- Sonárbore). Crea cancións para un proxecto musical totalmente diferente ao visto ata ese momento, tendo como eixe central o Rock and Roll, sendo unha proposta didáctica para os máis cativos da casa. No ano 2017 editase o segundo libro-disco **"Cancións para desafinar"** seguindo a mesma liña, e no 2019 sae á luz o terceiro traballo da banda, **"Bravas. O rexurdir da luz"**, todos coa Ed. Galaxia. En Decembro de 2024 estrean con Embora **"O Nadal coa Avoa Fina"**. Ademais da formidable aceptación do público, acadan o **Premio Martín Códax da Música 2018** ao mellor grupo de música infantil. A data actual seguen xirando por Galicia

O seu proxecto máis persoal, Pakolas, nace a finais de 2015, no que segue a compoñer para a cativada con letras e composicións propias. O seu primeiro traballo en solitario, **"Pakolas" (2017)**, é un libro-disco publicado pola Ed. Galaxia, que conta co respaldo do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia. **En agosto de 2020** sae editado o seu segundo traballo en solitario, **"Ramona Órbita, a dona do tempo"** (Ed. Galaxia, 4ª Ed Set 2023). Axiña agota a súa primeira edición, tan só cinco meses despois da súa estrea. En Xaneiro de 2021 sae do prelo a segunda edición ata a cuarta edición en setembro de 2022, con máis de 2.000 exemplares vendidos. Neste novo libro conta e canta a ritmo moi rockeiro a historia de Ramona Órbita, unha muller labrega da Serra do Courel que posúe unha horta cibernética con patacas automáticas, e ademais ten unha máquina do tempo, coa que viaxa ao futuro e ao pasado na procura de tecnoloxía para crear un mundo mellor, mais ecolóxico e con enerxías limpas.



Traxectoria Profesional

En 2023 sae editado o seu terceiro traballo en solitario, **"A Ramona Pequena vai á lúa"** (Ed. Galaxia, 2ª Ed Set 2023), unha nova entrega das historias da súa labrega inventora favorita, e desta volta a máquina do tempo lévanos á súa infancia. Corría o ano 1967 no Courel e Ramona contaba con 6 anos. Era unha nena movida por constantes inquedanzas, cunha mente esperta e imaxinativa. Adoraba perderse entre as páxinas de Xulio Verne, sobre todo un que lle espertaba a maior das curiosidades, **"Da terra á lúa"**. Este novo libro agota a primeira tirada en tan só cinco meses.

En Decembro de 2024 sae ao público o cuarto traballo en solitario de Pakolas, **"Ecoralia, a lambona ecolóxica"** (promovido pola **CRAEGA**), traballo musical que nos ensinará a través das súas cancións a importancia de consumir alimentos ecolóxicos.

Xira por toda Galicia cos espectáculos de Pakolas dende 2015 (con diversos formatos), con máis de 100 funcións anuais en colexios, bibliotecas, auditorios e teatros, servizos de normalización lingüística, festivais, etc., cunha formidable acollida de público. **Finalista** en varias edicións dos **Premios Martín Códax da Música**, **en 2023 tamén resulta gañador do XIV Premio Rosalía de Castro da Deputación da Coruña**

Laura Romero



Laura Romero é licenciada en Belas Artes pola Universidade de Salamanca. O seu traballo abrangue a ilustración artística e comercial combinada co deseño gráfico. O seu primeiro traballo editorial para nenos e nenas é o conxunto de ilustracións que dan cor ó libro-CD de Pakolas, e tamén ilustra a **"Ramona Órbita"**, o segundo libro de Pakolas, mailo terceiro traballo da **Ramona pequena**. No 2017, paralelamente ó traballo do proxecto Pakolas, organizou e impartiu obradoiros de libro ilustrado en colexios para alumnado de Educación Infantil e Primaria.

Preside a Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI) dende 2021. **Premio Luísa Villalta** de proxectos culturais pola igualdade, convocados pola Deputación da Coruña no 2022 polo proxecto **Unha Música no Insti!**

No ano 2018 comeza a xirar con Pakolas no espectáculo "Cores, contos e rock"

A black and white photograph of a man singing passionately into a microphone. He is wearing a striped t-shirt and a guitar strap adorned with numerous pins. The background is a blurred outdoor setting with foliage. In the foreground, the back of a person's head and a hand making a rock-on gesture are visible.

Contacto. Falamos?



pakolas.cerdeira@gmail.com



(+34) 649 61 18 45



www.pakolas.com



www.pakolas.com